

RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 18 DE DECEMBRO 2007

Ás 10.00 h, en segunda convocatoria, na Sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**. Xustifica a súa ausencia o Sr. Pena Agras.

1. Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno dos resultados, xa coñecidos, do proceso electoral para a elección de reitor que se realizou durante o pasado día 4 de decembro.

Igualmente, informa do Acordo de Consello de Ministros do día 14 de decembro de 2007 que establece as condicións a que deberán adecuarse os planos de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio das profesións reguladas de Mestre en Educación Infantil, Mestre en Educación Primaria, Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, Arquitecto, Arquitecto Técnico, Médico e Veterinario.

O Sr. Reitor conclúe a súa intervención querendo deixar constancia do recoñecemento público que merecen o Sr. Vicerreitor de Estudantes, D. Miguel Ángel Simón López, e o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, D. Manuel Peralbo Uzquiano polo labor feito de maneira exemplar e xenerosa durante estes últimos catros anos para toda a comunidade universitaria e para a Universidade da Coruña.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica, quen informa de certos cambios nos procedementos provocados pola aplicación de XESCAMPUS na nosa Universidade.

Rematada a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das imputacións e

validacións de expedientes executadas desde a última sesión do Consello de Goberno, que figuran no **ANEXO II**.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, quen informa da resolución dos premios que promoven conxuntamente o Concello de Ferrol e a Universidade da Coruña. Os premios de investigación correspondían este ano ás convocatorias do Premio Ingeniero Comerma para traballos no ámbito da enxeñaría industrial e o Premio Antonio Usero para traballos no ámbito das ciencias da saúde, este último foi declarado deserto polo xurado. O Premio Ingeniero Comerma foille concedido a dona Sofía Martínez-Vilariño polo seu traballo «Caracterización de nanomateriales para vehículos espaciales». A Sra. Martínez-Vilariño realizou a súa carreira de enxeñaría industrial na Escola Politécnica Superior de Ferrol e, despois de se beneficiar dunha bolsa de investigación na Universidade de Nova Orleans, traballa actualmente en Houston. O traballo de investigación premiado forma parte da súa tese de doutoramento que está a elaborar baixo a dirección dos profesores Salvador Naya e Ramón Artiaga, da Escola Politécnica Superior de Ferrol. Remata a súa intervención o Sr. Vicerreitor dándolle os parabéns á premiada, aos seus directores de tese de doutoramento e á Escola Politécnica Superior de Ferrol.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Xerente, quen informa das principais novidades existentes en materia de persoal de administración e servizos desde a última sesión do Consello de Goberno, sinaladamente de diversas convocatorias de concursos e oposición relacionadas cos grupos A) e B) de Bibliotecas, que xa están resoltas e pendentes de publicación no Diario Oficial de Galicia, e C), tamén de Bibliotecas, en que a promoción interna xa está rematada e o de quenda libre está pendente de publicación, despois de ser informada a Xunta de Persoal. A respecto dos corpos xerais do Grupo C), sinala que a promoción interna está pendente de publicación e en relación co Grupo D), que o terceiro exercicio está realizado. Remata a súa intervención indicándolles aos membros do Consello de Goberno que o acordo para a funcionarización está moi avanzado.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 31 de outubro de 2007 e da acta da sesión extraordinaria do 23 de novembro de 2007

Apróbase, por asentimento, a acta da sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2007 e a acta da sesión extraordinaria do día 23 de novembro de 2007, que estiveron a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros, na Secretaría Xeral da Universidade e na Secretaría Técnica do Campus de Ferrol.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir co establecido no artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral informa dos 48 convenios que figuran no **ANEXO III** clasificados en convenios marco (3), convenios específicos (un total de 31) e convenios para prácticas (un total de 14) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión, que figuran no citado **ANEXO III**, son **aprobados** por asentimento.

4. Elección de representantes de estudantes no Consello Social

O Sr. Reitor explica o procedemento de elección do representante do estudantado no Consello Social, que se enviou coa convocatoria desta sesión do Consello de Goberno. Despois de procederem os Sres. Fernández Núñez e González Beira á formalización das súas candidaturas, realízase a votación, en que resulta proclamado candidato electo o Sr. González Beira con 19 votos, tendo en conta que o Sr. Fernández Núñez obtén 15 votos e que cinco son votos en branco.

5. Mestrados e títulos propios da Universidade da Coruña

Despois das explicacións ofrecidas pola Sra. Vicerreitora de Organización Académica aos membros do Consello de Goberno sobre a relación de mestrados e títulos propios que figura no **ANEXO IV**, resulta aprobada por asentimento a citada relación de mestrados e títulos propios.

6. Premios extraordinarios de doutoramento

Continúa co uso da palabra a Sra. Vicerreitora de Organización Académica para informar os membros do Consello de Goberno da proposta de Premios

Extraordinarios de Doutoramento da Universidade da Coruña do curso académico 2005/2006, que figura como **ANEXO V**.

Sen que se rexistrase ningunha intervención ao respecto por parte dos membros do Consello de Goberno, apróbase por asentimento a proposta de Premios Extraordinarios de Doutoramento do curso académico 2005/2006 que consta no citado **ANEXO**.

7. Premios Universidade da Coruña á Excelencia Académica no Bacharelato

Toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Estudantes para darlles conta aos membros do Consello de Goberno da proposta dos Premios Universidade da Coruña á Excelencia Académica no Bacharelato, formalizada polo xurado competente para tales efectos, que figura no **ANEXO VI**.

Despois de retirar da relación inicial a proposta correspondente á Licenciatura en Socioloxía, que non reúne os requisitos esixidos que o propio Sr. Vicerreitor de Estudantes explica, ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Rodríguez Gayán, quen pregunta se o procedemento de concesión destes premios se inicia a instancia de parte ou de oficio, considerando oportuno que se actúe sempre de oficio. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Estudantes dille que se actúa a instancia de parte, e tamén que se podería actuar de oficio, aínda que isto, polo momento, non semella ser o máis axeitado se non se procede antes á realización dunha serie de cambios que garantan a inexistencia de erros na concesión.

Co cambio proposto polo Sr. Vicerreitor de Estudantes, apróbase a relación de Premios Universidade da Coruña á Excelencia Académica no Bacharelato, que figura no **ANEXO VII**.

8. Aprobación, se proceder, da modificación do Regulamento da avaliación por compensación

Toma a palabra a Sra. Vicerreitora de Organización Académica para darlles conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de modificación do Regulamento da avaliación por compensación da Universidade da Coruña, que figura no **ANEXO VIII**.

Ábrese unha quenda de intervencións en que os membros do Consello de Goberno debaten sobre a idoneidade de flexibilizar máis a proposta que é sometida á súa consideración, no relativo ás competencias da comisión encargada de actuar na avaliación por compensación e tamén no relativo á nota media esixida á persoa para que poida cursar con éxito a súa solicitude. Así, toman a palabra o Sr. Delgado Martín, quen propón maiores competencias para a comisión; o Sr. Pena Agras, quen valora positivamente a reforma, mais insiste na necesidade de eliminar o requisito na nota media esixida nesta proposta de modificación, que é algo en que tamén incide o Sr. Casteleiro Maldonado; o Sr. Rodríguez Gayán, quen advirte da existencia de certas incoherencias formais na exposición de motivos da norma sobre o papel que corresponde á comisión xulgadora; e o Sr. Tasset Carmona, quen se interesa pola composición desta comisión.

En resposta, a Sra. Vicerreitora de Organización indícalles que esta proposta de cambio, que é consecuencia do acordado en sesións anteriores do Consello de Goberno, foi elaborada tendo en conta as suxestións que remitiron os centros en tempo e forma. Considera que hai que manter a proposta tal e como foi presentada aquí, sinalando que o labor da comisión debe ser o de verificar que se cumpren os requisitos e resolver as dúbidas que xurdan, mais sempre sobre a base do establecido no regulamento cuxo cambio se propón. Conclúe a súa intervención indicando tamén que esta norma non pode empregarse para poñer fin a problemas moi específicos, tales como a existencia de materias cun elevado número de suspensos, na medida en que, na actualidade, son outros os medios para poñer fin a tales situacións conflitivas.

Apróbase a proposta de modificación, que figura no **ANEXO VIII**, en votación a man alzada, con 30 votos a favor, 6 en contra e 4 abstencións.

9. Prazas de profesorado

Toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa aos membros do Consello de Goberno da relación de prazas de profesorado que figura no **ANEXO IX**, explicándolles cada unha delas.

Despois dunha quenda de intervencións en que participan os Sres. Delgado Martín e Casteleiro Maldonado, apróbase a proposta de prazas de profesorado que consta no citado ANEXO.

10. Cambio de área de coñecemento

Despois das explicacións do Sr. Vicerreitor de Profesorado sobre o cambio proposto, que figura no **ANEXO X** e ao non haber ningunha intervención máis ao respecto, apróbase o cambio de área de coñecemento nas condicións que constan no citado ANEXO.

11. Aumento de dedicación docente

Despois das explicacións do Sr. Vicerreitor de Profesorado sobre o cambio proposto, que figura no **ANEXO XI**, e non habendo ningunha intervención máis ao respecto, apróbase o aumento de dedicación docente nos termos indicados no citado ANEXO.

12. *Venias docendi*

Apróbase o aumento de dedicación docente nos termos indicados no **ANEXO XII**, logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado.

13. Complementos autonómicos para o profesorado

Trátase dun punto da orde do día do cal o Sr. Vicerreitor de Profesorado quere informar aos membros do Consello de Goberno, concretamente da fase actual do procedemento para a concesión dos complementos en cuestión. Ten unha finalidade simplemente informativa porque a competencia para a súa aprobación recae directamente na entidade pública que propón tales complementos, que é a Axencia Galega para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Delgado Martín, quen se interesa polo sistema empregado para a concesión dos complementos e o Sr. Vicerreitor de Profesorado respóndelle que a ACSUG actúa tendo en conta os certificados expedidos para tales efectos polas universidades.

14. Aprobación, se proceder, da modificación da Normativa de promoción de profesorado habilitado

Segue co uso da palabra o Sr. Vicerreitor de Profesorado para darlles conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de modificación da normativa de promoción de profesorado habilitado da Universidade da Coruña, que figura no **ANEXO XIII**. Segundo o Sr. Vicerreitor, trátase dunha proposta de cambio mínima e provisoria, determinada pola situación actual da nosa lexislación universitaria en materia de habilitación do profesorado. Conclúe a súa intervención sinalando que a normativa de promoción da nosa universidade tamén será obxecto de reforma nun futuro non moi distante como consecuencia do novo sistema de acreditación para o acceso aos corpos docentes universitarios.

Toma a palabra o Sr. Delgado Martín na quenda aberta de intervencións para deixar constancia de que, como xa indicou no seu día, non comparte a normativa de promoción de profesorado habilitado da nosa universidade, razón pola que tampouco comparte a súa proposta de modificación, na medida en que segue a manter a súa filosofía. Precisamente por isto, desexa acollerse ao que establece o artigo 27.4 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo o cal «cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, de ser o caso, poida derivarse dos acordos».

Tendo en conta o solicitado polo Sr. Delgado Martín, apróbase por asentimento dos restantes membros do Consello de Goberno a modificación da normativa de promoción de profesorado habilitado que figura no **ANEXO XIII**.

15. Aprobación, se proceder, do programa de apoio á avaliación da actividade docente do profesorado universitario *Docentia*

Toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea para darlles conta aos membros do Consello de Goberno do programa *Docentia*, que figura no **ANEXO XIV**. Segundo o Sr. Vicerreitor, trátase dun programa que ten por obxectivo mellorar a formación tanto do profesorado como do estudantado, en que se recolle un manual de

procedemento de aplicación para todas as titulacións e en que se distinguen tamén dúas clases concretas de avaliación, que explica detalladamente.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participan os Sres. Cao Abad, Delgado Martín e Casabella López. Igualmente participa o Sr. Ferreiro Baamonde, quen solicita que se adapte formalmente este programa ao que establece a lexislación universitaria a propósito das novas categorías de profesorado, especialmente a relativa ao profesorado con vinculación permanente.

Coa modificación proposta polo Sr. Ferreiro Baamonde, **apróbase o** programa de apoio á avaliación da actividade docente do profesorado universitario *Docentia* que figura no **ANEXO XV**, referido ao cal o Sr. Delgado Martín desexa acollerse ao que establece o artigo 27.4 da Lei 30/1992, do 26 novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo o cal «cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, de ser o caso, poida derivarse dos acordos».

16. Aprobación, se proceder, do Plano operativo anual e dos Orzamentos para o exercicio económico 2008

Toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen presenta os orzamentos da Universidade para o ano 2007 (localizables en <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/orzamentos.asp>), que acadan os 126,8 millóns de euros. O crecemento dos fondos procedentes do Plano de financiamento (medran arredor duns 7 millóns de euros) complementéntase co incremento do número de alumnos, dos fondos captados por investigación (soben 2,5 millóns) e coa existencia de fontes de financiamento extraordinarias por 3,5 millóns de euros.

O gasto está orientado aos 45 proxectos recollidos no Plano estratéxico da Universidade da Coruña, segundo se analiza no Plano operativo anual que acompaña ao orzamento. Cómpre salientar o crecemento das bolsas, por enriba do incremento xeral e, sobre todo, uns investimentos de 21,5 millóns de euros. Os investimentos en investigación medran nuns 2,8 millóns e en edificios e outras construcións chegan a 7 millóns de euros, incluíndo tanto infraestruturas docentes como de investigación e de extensión universitaria.

Ábrese a quenda de intervencións en que piden a palabra os Sres. Delgado Martín, Cao Abad e Casabella López. O Sr. Delgado Martín informa que, dada a súa desconformidade co plano estratéxico en que se basea, non pode apoiar os orzamentos. Bota en falta investimentos na adaptación ao EEES e en actuacións relativas a sustentabilidade, así como información relativa ás decisións de creación dos centros do Parque Tecnolóxico e aos anticipos acadados. O Sr. Cao Abad felicita ao Sr. Vicerreitor polos documentos presentados e pregunta pola causa do importante incremento dos ingresos patrimoniais e pola suficiencia da partida destinada ás obras do edificio de despachos para Informática e Enxeñería de Camiños. E o Sr. Casabella López pregunta pola ausencia de orzamento para as obras na Escola de Arquitectura Superior e pola inmediatez da redución do tamaño dos grupos na docencia.

Toma de novo a palabra o Sr. Vicerreitor, quen destaca, en resposta ao Sr. Delgado Martín, os investimentos en novos edificios para docencia superiores ao millón de euros, que se engaden aos 2,2 millóns transferidos en 2007 aos centros no Programa de intensificación da adaptación ao EEES, así como o preto doutro millón de euros para contratos programa e accións de mellora. Indica que todos os anticipos reembolsables, que se materializan nos centros sinalados no Plano estratéxico, figuran nas liquidacións e orzamentos, dispoñibles na web, e destaca o importante incremento nos fondos relacionados con accións medioambientais, detallando actuacións concretas, como o Plano enerxético ou o programa de control de consumos eléctricos, e anunciando as xestións para a previsible xeneralización, sen custo para a UDC, de paneis solares. O Sr. Vicerreitor agradécelle ao profesor Cao os seus parabéns e indícalle que o incremento no capítulo V de ingresos é por causa da subida dos intereses recibidos e da activa xestión de tesourería desenvolvida pola Xerencia, confirmándolle que a dotación de 900.000 € para o novo edificio só cubriría unha primeira fase do proxecto. E en resposta ao Sr. Casabella López, comenta que non aparecen particularizadas no orzamento ningunha das obras previstas nos distintos centros e confírmase que o compromiso de redución do tamaño dos grupos refírese ao mandato do reitor, non ao próximo curso. Rematan a quenda aberta de intervencións o Sr. Vicerreitores de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, quen incide en temas relacionados coa captación de fondos económicos para o financiamento do parque tecnolóxico da Universidade da Coruña e o Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión

Ambiental, quen incide no plano directorio de infraestruturas a respecto das cuestións de sustentabilidade mencionadas polo Sr. Delgado Martín.

Sen máis consideracións, procédese á votación e apróbanse os Orzamentos 2008 e o Plano operativo anual por 37 votos a favor, 1 en contra e 2 abstencións.

17. Aprobación, se proceder, dos Regulamentos de Réxime Interno do Instituto Universitario de Estudos Europeos “Salvador de Madariaga” e do Instituto Universitario de Medio Ambiente

Despois da explicación ofrecida pola Sra. Vicerreitora de Investigación, **apróbanse** por asentimento os regulamentos de réxime interno do Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariga, que figura no **ANEXO XVI** e do Instituto Universitario de Medio Ambiente, que consta no **ANEXO XVII**, que contan cos informes favorables esixidos para tales efectos.

18. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra o Sr. Valderruten Vidal, quen insiste na necesidade de resolver os problemas de espazo existentes na Facultade de Informática, que se agravaron a raíz da incorporación de vinte e dous profesores novos. Remata a súa intervención solicitando que se aceleren os trámites administrativos, se for posible, e que se adopten medidas provisionais para poñer fin a tales problemas.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Fernández, quen tamén pon de manifesto a necesidade de adoptar medidas para a protección do edificio da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas. O Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental coméntalle que se están a tomar as medidas oportunas para declarar Ben de Interese Cultural a chamada «Zona Escolar» da nosa universidade, en que se localiza o edificio da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas, o que permitirá, unha vez obtida a declaración, dispoñer de moitas axudas para a súa protección.

Toma a palabra o Sr. Delgado Martín quen se interesa polo procedemento de apertura e peche do exercicio económico, indicando que, en certos

momentos, non resulta viable a realización de certos pagamentos. Finaliza a súa intervención preguntándolle ao Sr. Reitor polo cesamento do Sr. Director Xerente da Fundación da Universidade da Coruña. Intervén o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen explica como é o procedemento de apertura e peche do exercicio económico, diferenciando neste sentido as cuestións económicas plurianuais das cuestións económicas anuais e finaliza agradecéndolles aos Servizo de Xestión Financeira e ao Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica o labor realizado neste sentido. Igualmente, toma a palabra o Sr. Reitor para indicar que a Universidade da Coruña e a Fundación da Universidade da Coruña son dúas entidades xuridicamente diferentes e que a decisión de extinguir o contrato de traballo do Sr. Director Xerente da Fundación foi tomada polo Padroado desta fundación por unanimidade de todos os seus membros. Segundo o Sr. Reitor, trátase dunha extinción dun contrato de traballo de alta dirección por desestamento empresarial, ao abeiro do Real decreto 1382/1985, do 1 de agosto e cobre a vacante o Sr. Bugallo Taibo, director adxunto quen, tamén por decisión unánime do citado Padroado, foi nomeado director-xerente en funcións.

Toma a palabra a Sra. Rodríguez Amoroso, en nome do asociación Iniciativa Estudantil Galega (IESGA) que representa, para deixar constancia do recoñecemento público que merecen o Sr. Vicerreitor de Estudantes, D. Miguel Ángel Simón López e o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, D. Manuel Peralbo Uzquiano, precisamente, polo labor que realizaron durante estes últimos catros anos para toda a comunidade universitaria e para a Universidade da Coruña

Toma a palabra o Sr. Cao Abad, quen se interesa pola vía existente entre Elviña e A Zapateira, que non goza dun aspecto moi saudable. O Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental indícalle que se están a adoptar as medidas oportunas ante a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, que é a entidade competente ao respecto.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:10 h.

Xosé Manuel Carril Vázquez

José María Barja Pérez